

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN E O CLÚSTER DA ACUICULTURA DE GALICIA PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROXECTO DE CULTIVO DE MERO.

Santiago de Compostela, a 9 de xuño de 2016

REUNIDOS

Dunha parte, Don Francisco José Conde López, Conselleiro de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia e Presidente da Axencia Galega de Innovación, actuando no exercicio das competencias que ten atribuídas polo artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia, modificada polas leis 11/1988, do 20 de outubro; 7/2002, do 27 de decembro; 2/2007, do 28 de marzo e 12/2007, do 27 de xullo e polo Decreto 50/2012, do 12 de xaneiro, polo que se crea a Axencia Galega de Innovación e se aproban os seus estatutos, modificado polo Decreto 15/2014, do 6 de febreiro.

Doutra parte, Don Santiago Cabaleiro Martínez, na súa condición de Presidente do Clúster da Acuicultura de Galicia, actuando en nome e representación desa entidade, en virtude do seu nomeamento, efectuado en Asamblea Extraordinaria de 8 de xuño de 2016, e facultado para a sinatura do presente documento en virtude das atribucións que figuran no artigo 21 dos estatutos de dita fundación.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos no exercicio das funcións que, para convir en nome das entidades que representan, teñen conferidas e

EXPOÑEN

PRIMEIRO:

Que son obxectivos da Xunta de Galicia en xeral, e da Axencia Galega de Innovación en particular, incrementar a competitividade do tecido produtivo galego a través do coñecemento e a innovación, establecendo como unha das súas prioridades a difusión da transferencia de tecnoloxía e a mellora da cultura de I+D+i como clave para o crecemento e o desenvolvemento socioeconómico de Galicia.

SEGUNDO:

Que a Axencia Galega de Innovación (en adiante GAIN) é unha axencia pública autonómica encadrada nas entidades instrumentais do sector público autonómico reguladas no título III da Lei 16/2010 do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral do sector público autonómico, tal e como se recolle no Decreto 50/2012, do 12 de xaneiro, polo que se crea a Axencia Galega de Innovación e se aproban os seus estatutos (modificado polo Decreto 15/2014, de 6 de febreiro). Encóntrase adscrita á Consellería de Economía, Emprego e Industria e conta con personalidade xurídica propia diferenciada respecto da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, patrimonio e tesourería propios e autonomía de xestión nos termos que precisen as leis.

GAIN ten como finalidade fomentar e vertebrar as políticas de innovación nas administracións públicas galegas e o apoio e impulso do crecemento e da competitividade das empresas de Galicia, a través da implementación de estratexias e programas de innovación eficientes. Os seus estatutos atribúenlle, entre outras, as seguintes funcións: a ordenación, planificación, coordinación, execución e seguimento das competencias en materia de fomento da investigación que ten atribuídas a Comunidade Autónoma de Galicia en virtude do establecido no artigo 27.19º do Estatuto de autonomía de Galicia e a promoción, xestión e execución do Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica, asumindo a súa coordinación, seguimento e avaliación.

TERCEIRO:

Que a Lei 5/2013, do 30 de maio, de fomento da investigación científica e a innovación de Galicia, ten por obxecto establecer o marco para o fomento da investigación e do desenvolvemento tecnolóxico, da transferencia e valorización de resultados e da innovación en Galicia en todas as súas vertentes, así como da súa xestión eficiente.

CUARTO:

Que para a Axencia Galega de Innovación a acuicultura é unha área prioritaria de I+D+i polo seu carácter estratéxico para o desenvolvemento económico e social de Galicia.

A acuicultura é unha das prioridades temáticas da Estratexia de Especialización Intelixente de Galicia 2014-2020 (RIS3 Galicia), sustanciada no seu Reto 1 (Novo Modelo de Xestión de Recursos Naturais e Culturas baseado na Innovación) Este reto pretende potenciar a acuicultura en Galicia como un sector industrial competitivo a nivel internacional como referente tecnolóxico e de innovación a través da absorción de coñecemento vencellado á biotecnoloxía, ás TIC e calquera outra Tecnoloxía Facilitadora Esencial que sexa relevante, e a súa aplicación en forma de innovación ó longo de toda a cadea de produción.

QUINTO:

Que o Clúster da Acuicultura de Galicia é unha entidade asociativa de índole privada, fundada e integrada pola práctica totalidade das empresas adicadas ao cultivo de peixes mariños da comunidade autónoma de Galicia. Ten como obxecto fundacional acadar as maiores cotas de innovación e calidade no desenvolvemento produtivo, sanitario e medioambiental da actividade do sector acuicultor galego, e a finalidade última de optimizar os niveis de desenvolvemento que o sector é quen de acadar grazas ás privilexiadas condicións para o cultivo intensivo de organismos acuáticos da nosa comunidade autónoma, e á capacidade técnica do noso tecido investigador e empresarial.

Nese contexto, a actividade máis importante das encomendadas polos seus asociados ao Clúster é levar a cabo, a través do seu propio centro de investigación aplicada, o Centro Tecnolóxico Galego da Acuicultura (en diante CETGA), toda clase de proxectos de investigación, desenvolvemento e innovación no eido da acuicultura, dirixidos inicialmente ao cumprimento dos obxectivos fundacionais do Clúster. Ao longo dos anos, os recoñecidos resultados científicos do CETGA viñéronse estendendo alén da acuicultura, a outros sectores da gandería terrestre, de xeito especial na investigación nos campos da prevención e tratamento de patoloxías na gandería intensiva; a mellora continua das dietas, os índices de conversión dos pensos en proteína, e porén a rendibilidade das distintas especies obxectivo dos múltiples proxectos de I+D+i desenvolvidos; e a optimización da sustentabilidade medioambiental, económica e social das explotacións.

SEXTO:

Que co desenvolvemento da Axenda da Competitividade Industrial Galicia Industria 4.0, a Xunta de Galicia aspira a modernizar a industria galega a través da innovación, establecendo novas fórmulas de produción que melloren a súa competitividade, e impulsando a fabricación de produtos diferenciados e de calidade. Esta axenda ten unha clara orientación sectorial co obxectivo tanto de reforzar sectores estratéxicos da economía galega – agroalimentario, automoción, naval, forestal ou téxtil-, como de impulsar outros emerxentes e de maior valor engadido, como o aeronáutico, o biotecnolóxico ou as TIC.

Os clústers empresariais constitúen unha parte fundamental de dita axenda que aposta polo equilibrio entre o reforzo dos sectores tradicionais e o impulso dos emerxentes, ademais da hibridación multisectorial, que supón a interconexión de sectores distintos na procura de aproveitar as sinerxías entre eles para mellorar a súa competitividade no mercado global.

SÉTIMO:

Que nese marco, o sector acuicultor galego ven traballando dende fai dúas décadas na consecución dos obxectivos de innovación e mellora continua que ían inspirar cos anos os criterios da Axenda de Competitividade, sendo a día de hoxe o CETGA un centro de referencia internacional en eidos como os da profilaxis sanitaria en

gandeiría acuícola e terrestre, a nutrición, os sistemas de cultivo intensivo e a planificación espacial e normativa do sector acuicultor.

OITAVO:

Que a Estratexia Galega da Acuicultura (en diante ESGA), constitúese como o documento de articulación e organización que rexirá a planificación e xestión da actividade acuícola en Galicia de cara o horizonte do ano 2030.

O seu obxectivo fundamental é o relanzamento da acuicultura de forma que esta cree emprego e riqueza dunha forma equilibrada co respecto e a integración ambiental.

A súa base de impulso é a aposta unánime dos marcos decisorios e consultivos europeos pola acuicultura, e da resposta no marco autonómico galego á necesidade, marcada para a reforma da Política Pesqueira Común, de dispor dun plan estratéxico plurianual para a actividade acuícola.

Levarase a cabo dunha forma planificada nos seus termos e cun elevado nivel de detalle nas súas formas, de xeito integrado nas súas diferentes tipoloxías produtivas e ámbitos espaciais, e coordinada con outras planificacións e con outras actividades marítimo–pesqueiras.

O Clúster da Acuicultura de Galicia colaborou activamente na elaboración da ESGA.

O desenvolvemento da Estratexia Galega da Acuicultura ten como obxectivo fundamental e básico dotar á actividade acuícola en Galicia dun modelo de desenvolvemento dinámico, sostible, equilibrado e de calidade nos aspectos ambientais, sociais e económicos, nunha clara aposta pola calidade e a integración da acuicultura na planificación da Comunidade Autónoma.

Os obxectivos xerais que a Estratexia Galega da Acuicultura busca alcanzar poderíanse resumir na aplicación de tres grandes liñas de orientación:

- Referidos ó obxectivo ambiental:
 - A integración territorial e paisaxística.
 - A busca da salvagarda e potenciación da biodiversidade.
 - O respecto ambiental da actividade produtiva.
 - O avance na consideración positiva da imaxe, derivada do desenvolvemento práctico, da acuicultura como actividade ambientalmente sostible.
- Referidos ó aspecto económico:
 - Reforzamento das estruturas produtivas.

- Reformulación e adecuación de estruturas administrativas e xurídicas.
- Adecuación e reforzo das estruturas asociativas.
- Disponibilidade de financiación suficiente.
- Referidos ó aspecto social:
 - Desenvolvemento de liñas de promoción do emprego de calidade no sector acuícola.
 - Avance en sistemas produtivos que aporten produtos de calidade e con garantías hixiénico-sanitarias.
 - Fortalecemento da capacidade de aseguramento alimentario da acuicultura.

NOVENO:

Que GAIN, dentro das súas competencias, está interesada en colaborar e apoiar economicamente ao Clúster da Acuicultura de Galicia na definición e desenvolvemento dun proxecto enfocado a conquistar o peche do ciclo de cultivo do mero, para a obtención de larvas e xuvenís de xeito estable, seguro e cunha taxa economicamente rendible, tal como se detalla no anexo, todo co dobre obxectivo último de mellorar as poboacións naturais da especie e contribuir á diversificación do sector acuicultor galego.

Coa sinatura do presente convenio refórzase o papel tractor do Clúster da Acuicultura de Galicia e potenciase a interacción entre os axentes do sistema galego de I+D+i orientada á valorización do coñecemento.

Tendo en conta a especificidade do obxecto do convenio e as especiais características do Clúster da Acuicultura de Galicia, na súa condición de centro de referencia en I+D+i para o sector da acuicultura de Galicia, a subscripción do presente convenio de colaboración representa o instrumento adecuado de apoio aos obxectivos estratéxicos do sector e de interese xeral pretendidos polas partes asinantes, circunstancia que determina a dificultade de promover a concorrência pública, aos efectos do establecido no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, nos artigos 19 e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia e no artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da citada Lei.

Por todo o que antecede as partes asinantes ACORDAN subscribir o seguinte convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA: Obxecto

O presente convenio ten por obxecto regular as condicións de colaboración entre a Axencia Galega de Innovación e o Clúster da Acuicultura de Galicia para a realización das actividades que se detallan no **Anexo**. Estas actividades enmárcanse no desenvolvemento dun proxecto de investigación industrial para o cultivo intensivo de mero (*Epinephelus marginatus*).

SEGUNDA.- Gastos subvencionables

De acordo co previsto no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, consideraranse subvencionables os gastos que, sen admitir dúbida, respondan á natureza da actividade subvencionada e que se realicen no período comprendido dende a sinatura do presente convenio e a data límite de xustificación establecida no convenio, producíndose desta forma o efecto incentivador establecido no Regulamento (UE) nº 651/2014. En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor do mercado.

Ao amparo deste convenio, e segundo o establecido na cláusula segunda, considéranse subvencionables os investimentos e gastos (custo elixible) asociados aos conceptos que se reflicten no **Anexo**.

Os conceptos considerados como custo elixible son os que se relacionan a continuación:

1. **Custos de persoal** na parte que corresponda ao tempo dedicado ao desenvolvemento das actividades do proxecto. Dentro dos custos de persoal poderá incluírse persoal de nova contratación para a realización das actividades previstas no proxecto.
2. **Material funxible**. Poderanse imputar os gastos de materiais directamente derivados das actividades do proxecto. Os gastos de material de oficina e consumibles informático non se financiarán neste concepto por ter a consideración de gastos xerais.
3. **Subcontratacións** realizadas polo Clúster da Acuicultura de Galicia con organismos de investigación ou empresas, precisas para o proxecto cando as actuacións contratadas a terceiros supoñan a execución total ou parcial da actividade que constitúe o obxecto do mesmo.
4. **Outros gastos** relacionados co proxecto como gastos de viaxe, dietas...

Tendo en conta a natureza complexa das actividades do convenio e a dimensión e carácter estimativo do orzamento, se aceptarán modificacións na distribución do gasto entre os diferentes conceptos subvencionables e entre as diferentes actividades que non supoñan minoracións en ningún destes conceptos ou actividades

superiores o 10% da previsión inicial recollido no **Anexo**. Estas minoracións incrementarán as dotacións dos outros conceptos subvencionables e no seu caso das outras actividades.

A petición do Clúster da Acuicultura de Galicia e previo informe favorable da comisión de seguimento prevista no convenio, GAIN poderá autorizar variacións superiores ao 10% entre os diferentes conceptos subvencionables e entre as diferentes actividades recollidas no orzamento.

As modificacións previstas nos parágrafos anteriores serán posibles sempre e cando non supoñan un incremento do importe da subvención prevista para cada anualidade nin da subvención total e non incrementen o concepto de gastos xerais por encima do 8% do custo elixible.

En ningún caso se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación nin os impostos persoais sobre a renda. O imposto sobre o valor engadido (IVE) poderase considerar gasto subvencionable cando a entidade beneficiaria acredite mediante a correspondente certificación que se encontra acollida ao réxime de exención do IVE.

TERCEIRA: Condicións económicas

- As actividades obxecto do presente convenio teñen un custo estimado de 332.000,00€ (IVE non incluído), para o que a Axencia Galega de Innovación, concede unha subvención a fondo perdido do 50% con cargo á aplicación dos orzamentaria 09.A3.561A.781.0 orzamentos da Comunidade Autónoma para o ano 2016 e 2017 de acordo coa seguinte distribución:

	ANO 2016	ANO 2017	Total
Orzamento total	166.000,00 €	166.000,00 €	332.000,00 €
Axuda GAIN	83.000,00 €	83.000,00 €	166.000,00 €
% Axuda	50 %	50 %	50 %

- A axuda establecida no presente convenio cunha intensidade do 50% respecta os límites previstos no artigo 25 do Regulamento (UE) nº 651/2014 para o desenvolvemento de actividades de I+D+i encadrables na categoría de investigación industrial.
- A subcontratación das actividades subvencionadas regularase polo disposto nos artigos 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e 43 do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento do citado texto legal, respectando ao efecto o establecido no artigo 27.3 da citada Lei 9/2007, que establece que cando a actividade concertada con terceiros exceda do 20% do importe da subvención e o

dito importe sexa superior a 60.000 €, a subcontratación estará sometida ao cumprimento dos seguintes requisitos:

- Que o contrato se subscriba por escrito.
 - Que a súa subscrición a autorice previamente a entidade concedente da subvención por escrito.
- No caso de que a entidade beneficiaria reúna os requisitos previstos no artigo 3.3 b) do Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público terá consideración de poder adjudicador, e polo tanto, deberá someterse á disciplina de contratación pública nos termos previstos no devandito texto legal.

O custo total das subcontratacións poderá alcanzar o 50% do custo elixible das actividades do convenio.

- De acordo co establecido no artigo 29 3 da citada Lei 9/2007 (modificado pola Lei 12/2011, de 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas), cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas no texto refundido da Lei de contratos do sector público aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, para el contrato menor, el beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a obra, a prestación do servizo ou a entrega do ben, salvo que por as súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren ou salvo que o gasto fose realizado con anterioridade á solicitude da subvención.

A elección entre as ofertas presentadas, que deberá achegarse na xustificación, realizarase conforme aos criterios de eficacia e economía, e no suposto de non recaer a adjudicación na proposta económica máis vantaxosa, deberán achegar unha memoria na que se xustifique expresamente a elección do adjudicatario do contrato.

En todo caso, de acordo co artigo 43.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Axencia Galega de Innovación poderá comprobar, dentro do período de prescrición, o custo así como o valor de mercado das actividades subcontratadas.

- Procederá a revogación das subvencións, así como ao reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora nos casos e termos previstos nos artigos 32 a 40 (capítulos I e II do Título II) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG do 25 de xuño).

CUARTA: Compromisos

O Clúster da Acuicultura de Galicia comprométese a:

- Presentar previamente á sinatura do convenio:

- Certificacións que acrediten que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración Pública da Comunidade Autónoma, en cumprimento dos artigos 11.e) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
 - Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para a obtención de subvencións contempladas no artigo 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
 - Declaración responsable de que o Clúster da Acuicultura de Galicia non pode ser considerado unha empresa en crise conforme ao disposto no artigo 2.18 do Regulamento (UE) 651/2014, de 17 de xuño, da Comisión e de que non está suxeito a unha orde de recuperación pendente tras unha decisión previa da Comisión que tivera declarado unha axuda ilegal e incompatible co Mercado Común.
- Desenvolver as actividades do convenio seguindo as liñas de actuación establecidas no anexo I.
 - Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas respectivas funcións de fiscalización e control de destino das axudas concedidas e facilitar a inspección e control dos órganos da Axencia Galega de Innovación co gallo de supervisar o cumprimento das actividades do convenio.
 - Comunicar a Axencia Galega de Innovación a obtención de subvencións e axudas para a mesma finalidade que a do presente convenio, procedentes de calquera outra Administración Pública ou de entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, tan pronto se teña coñecemento das mesmas.
 - Dar consentimento expreso á Axencia Galega de Innovación para incluír e facer público, nos rexistros regulados polo Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos de axudas, subvencións e convenios e sancións, os datos referidos ás axudas e subvencións recibidas ao abeiro do presente convenio.
 - Seguir as normas sobre protección de datos, concretamente a Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e as normas que a desenvolven.
 - Cumprir co disposto no artigo 11 da Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.
 - Achegar os informes e documentos que acrediten o desenvolvemento das actividades do presente convenio, así como os informes e demais documentos requiridos pola Axencia Galega de Innovación.
 - Subministrar toda a información necesaria para que GAIN poida dar cumprimento ás obrigas recollidas na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. No caso de que o beneficiario non atenda

ao requirimento de información en prazo, procederase conforme ao establecido no artigo 4.4 do citado texto legal.

- Proceder ao reintegro, total ou parcial, dos fondos percibidos e máis os xuros de mora devengados dende o momento do pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión, nos casos previstos no Título II da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.
- Destinar o material inventariable ao fin concreto para o que se concedeu a subvención segundo o disposto no artigo 29 da Lei 9/2007, fixándose a estes efectos o período de afección dos bens respectivamente en cinco anos para os bens inscribibles nun rexistro público, e dous anos para os restantes bens.
- Facer constar expresamente a colaboración prestada pola Axencia Galega de Innovación en todo o material de execución das actividades do convenio coa utilización dos seus correspondentes logotipos identificativos.

QUINTA.- Condicións de pagamento

En consonancia coa duración do proxecto e conforme ao estipulado nos artigos 60 e 62 do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o importe da subvención de GAIN estipulada neste convenio será aboada anualmente ao Clúster da Acuicultura de Galicia, previa xustificación dos gastos e pagos realizados pola totalidade do gasto para cada anualidade, conforme ao sinalado a continuación:

	ANO 2016	ANO 2017	TOTAL
Axuda GAIN	83.000,00 €	83.000,00 €	166.000,00 €
Orzamento total	166.000,00 €	166.000,00 €	332.000,00 €
Período de realización de gastos e pagos	Dende a sinatura do convenio ata 30/11/2016	01/12/2016 30/11/2017	
Data límite presentación documentación xustificativa	01/12/2016	01/12/2017	

A data para presentar a documentación xustificativa terá como data límite o 1 de decembro de cada anualidade. Os gastos e pagos realizados desde o 1 ata o 31 de decembro da anualidade 2016 poderán imputarse á anualidade seguinte, agás no 2017 que a data límite será o 30 de novembro dese ano.

De non xustificar o importe total das actividades establecidas para cada anualidade, a Axencia Galega de Innovación minorará a súa achega proporcionalmente, sempre e cando se acadara o obxecto do presente convenio.

Para a xustificación de cada pago parcial, o Clúster da Acuicultura de Galicia, achegará a documentación que se relaciona na cláusula seguinte (agás o informe final de actividades sinalado no punto 1) acompañada dun informe parcial dos resultados obtidos e das actividades desenvolvidas ata ese momento.

Por resolución motivada da Axencia Galega de Innovación, poderá autorizarse un anticipo de ata o 50% de cada anualidade, naqueles supostos en que o investimento esixa pagamentos inmediatos de acordo co artigo 63 do Decreto 11/2009. A concesión dos anticipos quedará condicionada ao cumprimento, por parte do beneficiario, dos requisitos establecidos no artigo 31 da Lei 9/2007.

Segundo o artigo 62 do Decreto 11/2009, a suma dos pagos á conta e os anticipos non poderá ser superior ao 80% da porcentaxe subvencionada correspondente aos pagamentos xustificados, nin excederá a anualidade prevista en cada exercicio orzamentario.

A realización dos citados pagamentos parciais á conta e anticipados está exenta da constitución de garantías polo Consello da Xunta de Galicia conforme ao disposto no artigo 67.4 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

SEXTA.- Forma de xustificación

A xustificación da subvención por parte do beneficiario realizarase mediante a achega da seguinte documentación:

1. Unha Memoria de Actuación xustificativa do cumprimento de cada unha das actividades obxecto do convenio. Presentarase un informe final detallado para cada unha das actividades con indicación do cumprimento respecto ao planificado e os resultados obtidos, no seu caso, achegando un exemplar da documentación elaborada acompañado dunha copia en formato CD, así como calquera entregable, material gráfico, folleto ou fotografías que se obteña no desenvolvemento de cada actividade.
2. Declaración do conxunto das axudas solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade. De ser o caso, deberá achegarse unha copia simple da resolución da concesión desas outras axudas.
3. Certificados acreditativos de estar ao corrente nas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e de non ter pendente ningunha débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma.
4. Para cada unha das actividades obxecto do convenio e de forma individualizada unha Memoria Económica xustificativa do custo das actividades realizadas que conterà:

- a) Unha relación clasificada dos gastos e investimentos de cada actividade, con identificación do concepto de gasto, o proveedor, o importe, data de emisión e data de pago.
- b) Documentación xustificativa do investimento: orixinais ou fotocopias compulsadas dos documentos acreditativos dos gastos consistentes en facturas dos provedores ou documentos de valor probatorio equivalente: con validez no tráfico xurídico mercantil ou eficacia administrativa, segundo o establecido no artigo 28.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 48 do Decreto 11/2009, polo que se aproba o regulamento da citada lei. As facturas deben conter suficiente información de detalle, que permita relacionala co gasto xustificado. En aqueles casos nos que a devandita información non sexa suficiente, haberá de aclarar o gasto realizado por outros medios.
- c) Documentación xustificativa do pagamento: orixinal ou fotocopia compulsada de transferencias bancarias, certificacións bancarias ou extractos bancarios, ou documentos obtidos a través da banca electrónica sempre que contén co selo do banco. En ningún caso se admitirán os pagamentos xustificadas mediante recibo do proveedor. Nestes documentos deberán estar claramente identificados o receptor e o emisor do pagamento, o número e a satisfacción do importe total da factura (IVE incluído), así como o concepto a que se refiren. No caso en que no documento de pagamento non se faga referencia ás facturas, deberá ir acompañado da documentación complementaria que permita verificar a correspondencia entre gasto e pagamento. No caso en que un xustificante de pagamento inclúa varias facturas, xuntarase dunha relación detallada delas en que se poida apreciar que o pagamento se corresponda coas ditas facturas.
- d) No suposto de que o importe do IVE supoña un custo real soportado, poderá ser considerado un gasto subvencionable. Neste caso deberase presentar un certificado relativo á situación da entidade co respecto ao IVE.
- e) Sen prexuízo do indicado nos puntos anteriores, no caso de custos de recursos propios (gastos xerais) xustificaranse ademais cunha memoria detallada das imputacións dos mesmos á actividade correspondente. A memoria irá acompañada dunha certificación asinada polo responsable da entidade e das correspondentes facturas ou documentos de valor probatorio equivalente.
- f) No caso de gastos de viaxes relacionadas coa execución do proxecto deberá achegarse unha certificación das viaxes realizadas, acompañada da documentación acreditativa de realización do gasto.
- g) No caso de custos de persoal:
 - Certificación dos custos de persoal emitida polo responsable de recursos humanos co visto e prace do responsable da entidade, consistente nunha relación detallada por meses do persoal dedicado as actividades obxecto do convenio, que deberá incluír os seguintes datos: DNI,

nome, apelidos, posto na entidade, retribución bruta e líquida mensual, data de pagamento das retribucións, importe da Seguridade Social con cargo a entidade, data de pagamento da Seguridade Social e custo total imputado (retribucións e seguridade social) segundo a dedicación de cada traballador ás actividades do proxecto.

- Copia das nóminas do persoal dedicado as actividades do proxecto e orixinal ou copia compulsada dos xustificantes bancarios do seu pagamento. Nos xustificantes de pagamento das nóminas deberán vir detallados os seus receptores, así como as cantidades percibidas por cada un deles. Cando a documentación xustificativa deste gasto conste dun xustificante bancario da remesa total mensual, deberá achegarse a listaxe da orde de transferencia en que se detallan os distintos traballadores incluídos, que deberá estar selada pola entidade bancaria.
 - Boletíns de cotización á Seguridade Social e os seus xustificantes de pagamento (orixinal ou copia compulsada).
 - Ademais, no caso de persoal de nova contratación para o proxecto deberá achegarse orixinal ou copia cotexada do contrato de traballo en que poida verificarse esta exclusividade.
- h) Os tres orzamentos que, en aplicación do artigo 29 da Lei de subvencións de Galicia, deba ter solicitado o Clúster da Acuicultura de Galicia.
- i) Carta de pagamento de reintegro no suposto de remanentes non aplicados, así como os xuros derivados destes, conforme ao establecido no artigo 48.2.g) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

A Axencia Galega de Innovación resérvase o dereito de solicitar toda a documentación que considere precisa, en relación coa xustificación do cumprimento do obxecto do convenio.

SÉTIMA.- Compatibilidade con outras axudas

A subvención concedida será incompatible coa percepción doutras axudas ou subvencións para o mesmo fin ou os mesmos costes procedentes de calquera administración ou ente público ou privado, nacional ou internacional.

OITAVA.- Seguimento e evolución do convenio

Para garantir a correcta execución e seguimento do pactado neste Convenio, constituirase unha Comisión de Seguimento e Coordinación integrada por dous representantes da Axencia Galega de Innovación, un deles

actuará como presidente e dous representantes de Clúster da Acuicultura de Galicia designados a tal efecto por cada parte.

Son funcións da Comisión de Seguimento e Coordinación as seguintes:

1. Realizar o seguimento das actuacións do Convenio, emitindo os correspondentes informes.
2. Propor solucións aos conflitos que puideran xurdir na aplicación e interpretación das cláusulas do convenio.
3. Propor a GAIN variacións entre os importes asignados aos diferentes conceptos subvencionables e entre as diferentes actividades recollidas no orzamento do convenio (Anexo), que supoñan minoracións en algún dos conceptos subvencionables ou en algunha das actividades superiores ao 10% da previsión inicial, para adecualos á execución do convenio e sempre e cando estas variacións non supoñan un incremento do importe da subvención prevista para cada anualidade nin da subvención total
4. As que sexan precisas para garantir a correcta execución do convenio.

A Comisión reunirse as veces que sexan precisas á solicitude de calquera das partes asinantes.

Esta Comisión rexerá en canto a súa constitución, funcionamento e adopción de acordos pola normativa vixente en materia de órganos colexiados regulada na sección 3ª do capítulo primeiro do Título I da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia.

NOVENA.- Control

A Axencia Galega de Innovación poderá realizar as actividades de inspección que considere oportunas para controlar o cumprimento da subvención.

En todo caso, as subvencións estarán sometidas á función interventora e de control financeiro exercido pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, nos termos que establece o título III da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia. Así mesmo, estará sometida ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Cuentas e do Consello de Contas.

DÉCIMA.- Publicidade

A entidade beneficiaria do presente convenio consente expresamente o tratamento necesario dos datos relevantes deste convenio e a súa publicación na páxina web da Axencia Galega de Innovación e no Diario Oficial de Galicia, coas excepcións previstas no artigo 15.2º d) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Do mesmo xeito, de acordo co establecido na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, de creación dos rexistros de axudas, subvencións e convenios e de sancións da Xunta de Galicia, consinte expresamente a inclusión e publicidade dos datos relevantes referidos, no devandito rexistro.

En cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a información relativa ao convenio requirida no ordinal oitavo do devandito artigo será comunicada á Base de datos nacional de subvencións (BDNS).

UNDÉCIMA.- Alteración das actuacións

Aceptaranse modificacións na distribución do gasto entre os diferentes conceptos subvencionables que non supoñan minoracións en ningún destes conceptos superiores ao 10% da previsión inicial. Estas minoracións incrementarán as dotacións dos outros conceptos subvencionables.

A petición do Clúster da Acuicultura de Galicia e previo informe favorable da comisión de seguimento prevista no convenio, GAIN poderá autorizar variacións superiores o 10% entre os importes asignados a cada un dos conceptos subvencionables recollidas no orzamento do convenio (anexo), sempre e cando estas variacións non supoñan un incremento do importe da subvención prevista para cada anualidade nin da subvención total.

Toda alteración nas accións a realizar, agás as sinaladas no parágrafo anterior, deberán ser obxecto de autorización pola Axencia Galega de Innovación e formalizarse mediante a correspondente addenda o presente convenio, consonte o artigo 35 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O convenio poderá ser modificado coa finalidade de lograr os obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira da Comunidade Autónoma de Galicia. As devanditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das actuacións a desenvolver polo Clúster da Acuicultura de Galicia ou a ampliación do prazo de execución.

DUODÉCIMA.- Inexistencia de relación laboral

A subscripción do presente convenio non leva consigo relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que vaian desenvolver as actuacións obxecto deste convenio e a Axencia Galega de Innovación, de maneira que non se lle poderá esixir a esta Axencia responsabilidade algunha, nin directa nin subsidiariamente, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do mesmo.

DÉCIMO TERCEIRA.- Autonomía do beneficiario

O Clúster da Acuicultura de Galicia manterá a súa autonomía respecto da Administración, o que supón que, a pesar de que a súa actividade favorece o interese xeral, a Administración non percibe a cambio da súa entrega unha vantaxe ou beneficio que afecte de forma directa a aquelas actividades que a Administración debe asumir como propias no exercicio de competencias que as normas lle atribúen.

DÉCIMO CUARTA.- Resolución

Serán causas de resolución do presente convenio procedendo ao reintegro, total ou parcial, da axuda percibida e dos xuros de mora correspondente dende o momento do pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, as determinadas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

En especial, son causas de resolución do presente convenio as seguintes:

- A desviación dos fondos outorgados para outra finalidade distinta da sinalada neste convenio.
- O incumprimento da obriga da xustificación do investimento realizado.
- O incumprimento de calquera outra das cláusulas establecidas no convenio.
- O transcurso do tempo estipulado sen que se desenvolva o mesmo.

O incumprimento total dos fins/obxectivos do convenio, determinado a través dos mecanismos de seguimento e control, da realización do investimento financiable ou da obriga de xustificación, serán causa de perda do dereito ao cobramento ou de reintegro total da subvención.

Considerarase igualmente como incumprimento total a xustificación de menos do 50% do gasto subvencionable recollido no anexo II do convenio, coas consecuencias previstas no paragrafo anterior.

No caso de que se xustifique un gasto subvencionable inferior ao recollido no anexo, pero igual ou superior ao 50% daquel, considerarase a existencia dun incumprimento parcial e dará lugar á perda do dereito ao cobramento da subvención na porcentaxe correspondente ao gasto ou investimento non xustificada.

O incumprimento parcial dos fins/obxectivos do convenio dará lugar á perda do dereito ao cobramento ou ao reintegro parcial da subvención na porcentaxe que se determine nos informes de seguimento.

DÉCIMO QUINTA.- Natureza e resolución de conflitos

Este convenio ten carácter administrativo, rexerase polas súas propias cláusulas e polo disposto na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, no seu regulamento aprobado no Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, e demais normas de dereito administrativo.

Así mesmo, exclúese do ámbito de aplicación do Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (artigo 4.1 d), se ben se observarán os seus principios para a resolución das dúbidas e lagoas que se puidesen presentar.

A Axencia Galega de Innovación ostentará as prerrogativas de interpretación, modificación, resolución e nulidade propia dos negocios xurídicos administrativos, de acordo coa Lei de contratos do sector público. As cuestións litixiosas que podan xurdir na interpretación e cumprimento do convenio serán de coñecemento e competencia da Orde Xurisdiccional do Contencioso - Administrativo.

DÉCIMO SEXTA.- Vixencia

O presente convenio de colaboración entrará en vigor no momento da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2017.

E en proba de conformidade, asinan o presente Convenio, en duplicado exemplar, no lugar e data indicados na cabeceira do presente documento.

POLA AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN

POLO CLÚSTER DA ACUICULTURA DE GALICIA

Francisco José Conde López

Santiago Cabaleiro Martínez

ANEXO

1. ANTECEDENTES.

O mero *Epinephelus marginatus* é unha especie de altísimo valor comercial, científico e recreativo, que dende fai anos vese afectado por unha forte regresión nas súas áreas naturais de distribución, de xeito que a súa demanda é superior á oferta, especialmente no ámbito da restauración.

Nese contexto, a concreta elección da especie ven determinada por diversas razóns derivadas do seu grande interese intrínseco, dende tres puntos de vista principais:

- Científico: tratándose dunha especie na cal o cultivo é codiciado sen demasiado éxito dende hai anos, o clúster da acuicultura de Galicia está en condicións de desenvolver por primeira vez un proxecto capaz de pechar o cultivo de xeito seguro e rendible, ao tempo que contribuirá de xeito indirecto á mellora do caudal de coñecementos do sector nas áreas obxectivo da proposta (deseño de dietas, modelos de cultivo, e profilaxis).
- Biolóxico: os resultados poderán contribuir notablemente á repoboación no medio natural dunha especie en imparable retroceso, cos efectos benéficos correspondentes sobre a pesca e comercialización
- Socioeconómico: o mero é unha especie de elevado valor comercial e culinario, cun nicho de mercado potencial moi interesante. A versatilidade dos resultados do proxecto propiciará ademais que se vexan beneficiados numerosos subsectores ademais da propia industria acuicultora, como a pesca de captura, a restauración ou a investigación básica.

Debido a que o mero durante os últimos anos o mero presenta unha forte recesión en toda a súa área de distribución, en especial na área mediterránea sendo incluído polo IUCN na Lista Roja como *en peligro*. Dende 1990 realizáronse experiencias para a súa cría baixo condicións controladas obténdose resultados dispares, todas elas realizadas na zona mediterránea. A obtención de larvas e xuvenís de mero supón unha oportunidade para mellorar as poboacións naturais e para a diversificación do sector acuícola dado o seu alto valor comercial.

2. PLAN DE TRABAJO E OBXECTIVOS CONCRETOS.

Debido á inexperiencia de cultivo con esta especie é necesario levar a cabo tres actividades enfocadas á reprodución e cría desta especie. Todas teñen unha duración de dous anos, coincidindo co periodo de execución do presente convenio.

Actividade 1: REPRODUCCIÓN

O principal obxectivo é demostrar que o mero é unha especie susceptible de comercialización e que é posible a súa reprodución de forma estable ao longo do ano cunha taxa de supervivencia economicamente viable.

Para poder subministrar exemplares desta especie de forma constante ao longo de todo o ano, é necesario modificar os seus ciclos reproductivos. No caso doutras especies acuícolas este fito alcázase gracias ao control e modificación do fotoperiodo, no que a luz e a temperatura da auga son os elementos claves para simular a época natural de reprodución do mero.

Ademais, para poder desenvolver un estudo eficaz e preciso é necesario fundar un stock de reprodutores de F1, é dicir, a partir das postas obtidas en cautividade de exemplares salvaxes, seleccionar os individuos con mellores características para que se convirtn en futuros reprodutores, nados e criados en cautividade; e poder continuar coa cría desta especie sen a limitación de depender de exemplares salvaxes para as novas postas.

Actividade 2: CULTIVO LARVARIO

Paralelamente, á primeira actividade centrarémonos no cultivo larvario, que permitirá mellorar á supervivencia das larvas obtidas. Para isto débense determinar os parámetros óptimos de cultivo para a maior supervivencia da especie, esta etapa é unha das máis críticas en canto a taxas de supervivencia. A alta mortalidade nesta fase supón grandes perdas tanto económicas como productivas e de planificación/subministro; por iso hai que coñecer en detalle os parámetros óptimos de temperatura, frecuencia de alimentación, tipo de alimentación en función do crecemento, momento adecuado para o cambio de alimentación viva á alimentación inerte (destete),...

As malformacións e patoloxías que experimenta a especie é outra das preocupacións máis frecuentes, xa que a industria non pode comercializar aqueles exemplares que experimenten malformacións, e calquera patoloxía existente pode causar a morte do 100% da produción. Por isto si se desexa obter unha produción estable, hai que determinar qué tipo de patoloxía afecta ao mero, se estos experimentan altas taxas de malformacións e en ambos casos en qué momento é posible detectalas co fin de aplicar un tratamento adecuado á maior brevidade ou proceder a súa eliminación, respectivamente.

Actividade 3: ALIMENTACIÓN

Como en calquer produción na que se vexa implicado un ser vivo, a alimentación vai a determinar a taxa de crecemento do mero. Ao tratarse dunha especie con alto valor económico, as características do pienso ao ser a

alimentación que van a recibir durante un maior período de tempo debe conter os perfís nutricionais e características requeridos para que a calidade e valor nutricional do mero sexa o máis alta posible, con este obxectivo débense fixar as relacións proteína/enerxía dos piensos, materias primas e calibres.

Unha vez determinados os perfís nutricionais máis adecuados, estableceranse as taxas de crecemento ou SGR (*Specific Growth Rate*) e os índices de conversión ou FCE (*Feed conversion efficiency, que establece qué cantidade de pienso é necesaria para que o individuo alcance o tamaño desexado*) e poder establecer desta forma as curvas de crecemento. Ambos factores son claves para determinar os beneficios e custos de cultivo de dita especie.

Finalmente, no marco desta terceira actividade realizaranse probas de palatabilidade. É fundamental coñecer as cualidades organolépticas de cada alimento (sabor, textura...), xa que de nada serve que as características nutricionais sexan de alta calidade, si a palatabilidade non é a adecuada.

3. ORZAMENTO.

	Orzamento previsto (€)
Actividade 1. Reproducción	101.481,92 €
Persoal	56.666,92 €
Material funxible	38.805,00€
Subcontratacións	3.000,00 €
Outros gastos	3.010,00 €
Actividade 2. Cultivo larvario	175.021,50 €
Persoal	103.137,50 €
Material funxible	62.268,00 €
Subcontratacións	4.800,00 €
Outros gastos	4.816,00 €
Actividade 3. Alimentación	55.496,58 €
Persoal	34.415,58 €
Material funxible	12.667,00 €
Subcontratacións	4.200,00 €
Outros gastos	4.214,00 €
TOTAL	332.000,00 €